

## A EDUCACIÓN FAMILIAR

*M<sup>a</sup> Ermitas Fernández Fernández*

Esta que agora comeza é a historia dunha “utopía realizable”, tal e como lle gustaba definila ó seu impulsor, Antonio Gandoy. *Preescolar na Casa* recen cumpridos os 26 anos de vida, garda nas súas alforxas unha morea de intrahistorias. Dalgunha delas falamos de contado.

### **¿Por que nace *Preescolar na Casa* e que xustifica a súa continuidade?**

Década dos setenta. Velaí un bosquexo da realidade galega. As circunstancias económicas, sociais e culturais facían de Galicia unha rexión absorbida, que aportaba man de obra a parte de Europa e ás provincias industrializadas de España para facer aqueles traballos que outros rexeitaban.

Os nosos recursos, por exemplo a enerxía eléctrica, eran exportados. Os nosos emigrantes ían gañar uns cartos que as entidades bancarias convertían en recursos financeiros.

Falamos de Galicia, unha comunidade eminentemente gandeira, onde se exportan as peles e, sen embargo, se importan os produtos manufacturados de pel. Pero Galicia tamén é forestal: exportadora de madeira e importadora de mobles, e por se isto fora pouco, esa riqueza forestal convertíase en cinzas a marchas forzadas. Cada a no e tódolos anos, ardían e seguen a arder, miles de hectáreas con plantacións de árbores, dando a sensación dunha situación pouco menos que apocalíptica, trufada coa indiferencia xeralizada dos labregos, motivada, entendo eu, polo feito de que moitos labregos foran despoixados dos seus montes en man común que pasaran a ser de propiedade pública, dificultando a súa recuperación.

A este escenario pouco edificante, uníanse as carencias educativas que se amosaban diáfanas nunha publicación do Ministerio de Educación y Ciencia do ano 1970 que afirmaba que os escolares galegos padecían un atraso escolar que alcanzaba o 82%.

Para contribuír a dar resposta a esta problemática pensábase que era preciso intensificar a acción educativa, especialmente na etapa preescolar, considerada fundamental para o ulterior proceso educativo. A esta pretensión parecía que viña a dar razón o informe sociolóxico FOESSA de 1975 que no apartado sobre educación, ó tratar a importancia da educación preescolar, afirmaba que a súa carencia constitúe unha primeira selectividade e un medio de discriminación eficaz e marxinação definitiva.

Con esta conciencia da situación, as Cáritas de Galicia deciden poñer en marcha un servizo para os nenos do medio rural galego que responda ás necesidades da poboación rural diseminada en máis de 30.000 núcleos de escasa poboación.

Velaí unha das primeiras razóns do nacemento de *Preescolar na Casa*: dar unha resposta de educación preescolar ás nenas e ós nenos do medio rural dispersos neses núcleos de poboación que tiñan difícil acceso á educación infantil en centros preescolares.

Na actualidade, na Comunidade Autónoma de Galicia, os nenos e as nenas de máis de tres anos poden asistir ós centros escolares e beneficiarse da educación infantil en vilas e cidades. Sen embargo, as distancias seguen existindo e son moitas as familias que prefiren que os máis pequenos pasen un ano máis na casa.

Como queda dito, no comezo, a razón fundamental que primaba era a carencia dunha educación preescolar ó alcance, tamén, da poboación do medio rural. Co paso do tempo afianzámonos máis no convencemento de que a educación infantil é tanto máis necesaria canto menor sexa a idade. Cremos firmemente que os primeiros anos son decisivos para o desenvolvemento posterior da persoa.

Outra razón que pesa na actualidade é o papel da familia como axente educador insubstituíble nos primeiros anos. Estimamos que a escola pode contribuír á educación infantil da familia, pero nunca desprazala. As circunstancias familiares e sociais que están influíndo nos nenos son cada vez máis fortes e non sempre positivas. As necesidades de saber comprender a realidade complexa e aceleradamente cambiante esixen, cada día, unha meirande preparación. As situacións de violencia existentes na sociedade fan necesaria unha formación para a paz, o respecto, a harmonía e a convivencia que debe ter como base e fundamento as vivencias dos primeiros anos na familia.

Por todo iso pensamos que a educación infantil non só segue sendo necesaria, senón que debe ser perfeccionada coa axuda dun servizo que potencie un sistema educativo familiar capaz de ter respostas educativas para as necesidades e posibilidades educativas dos primeiros anos.

*Preescolar na Casa* comezou coma un substituto da escola, hoxe non o é, nin quere selo.

*Preescolar na Casa*, e outros programas semellantes, teñen entidade intrínseca suficiente para ter un cometido específico propio no ámbito da educación infantil.

## **Dificultades e protagonistas da acción.**

Para poñer en marcha un proxecto destas características, resulta imprescindible unha forte implicación de pais e nais. Nese eido, houbo que superar grandes dificultades: a propia autopercepción das persoas do medio rural, as expectativas sociais acerca delas, as limitacións obxectivas de tempo dispoñible e de formación, as características propias do contorno, ...

**Preescolar na Casa** foi superando estas dificultades polo convencemento que houbo sempre entre os dinamizadores do programa de que as nais, os pais, a familia son:

- Axentes fundamentais na educación dos máis pequenos e, sobre todo, nos primeiros anos da vida;
- Capaces de mellora-la súa preparación;
- Capaces de organiza-lo seu tempo para atender de maneira máis axeitada á súa filla, ó seu fillo.

Este convencemento, fundamentado na práctica persoal e na propia experiencia, plantexa o reto de **lograr que máis pais se impliquen na educación dos seus fillos e o fagan mellor.**

En ocasións, nos inicios do programa, atopámonos con opinións desalentadoras, pero mentres algunhas persoas consultadas respondían: “*iso é unha barbaridade, os pais non saberían facelo*”, ou “*estaría ben pero os pais non teñen tempo*”, outros contestaban “*iso foi o que fixeron comigo meus pais*”.

A falta de tempo foi tamén unha das dificultades que manifestaban as familias, pero foi interesante o avance que se experimentou neste terreo: o segundo ano que se celebraban reunións nunha localidade era maior o número de familias que organizaban o seu tempo para poder asistir á reunión e dedicar un tempo especial ó seu neno, á súa nena.

A dispersión da poboación era, e segue sendo, un problema importante á hora de organizar grupos nos que participaran varias familias. Este problema aínda non foi superado e nalgúns lugares das provincias de Ourense e Lugo aínda parece que se agravou nos últimos anos por un despoboamento acelerado do medio rural galego. Sen embargo, séguese potenciando a formación de grupos, fronte a unha atención individualizada. Isto supón que algunhas nais se despracen varios kilómetros cos seus fillos para participar nas reunións.

A falta de hábito de buscar xuntos solucións a problemas comúns, consecuencia da dispersión e o illamento foi outra das trabas atopadas no intento de formar grupo.

A falta de locais públicos, con unhas mínimas condicións (luz, auga, limpeza, calor, ...) para a celebracións das xuntanzas, obriga a empregar vivendas familiares, cos problemas de espacio, interrupcións, ... Convén salientar que neste aspecto avanzouse bastante e son moitas as localidades nas que as familias e as administracións locais se preocupan de que o local público alcance as condicións para ser utilizado.

Unha baixa autoestima das propias nais unida a unha falta de valoración do medio, do propio, impide, ás veces, reflexionar sobre a súa práctica educativa. Tamén neste aspecto se produce un cambio salientable: hoxe participan no programa nais cunha mellor preparación, con máis seguridade en si mesmas e máis participar.

Os modelos educativos que os adultos vivimos son con frecuencia un impedimento no desenvolvemento do programa; isto vaise superando na medida en que coñecemos mellor o desenvolvemento do neno, as súas necesidades, as súas posibilidades, ...

Outra dificultade máis, sobre todo nos primeiros anos, foi a ausencia do hábito lector. Moitas nais non volveran a ler un libro dende que deixaron a escola e manifestaban bastantes dificultades cando se lles facilitaban artigos, libros, material escrito para a súa posterior discusión e reflexión. Hoxe en día cada vez máis familias reclaman libros e revistas sobre a educación infantil e, dende o programa, trátase de facilitar este tipo de materiais.

No ano 1977, cando comeza o programa, non existen materiais en galego, lingua na que nos comunicamos os que nel vimos participando e que PnC dende os seus inicios valorou e potenciou. Fixéronse distintos materiais, a revista, folletos, emisión de programas de radio, TV, que potenciaron o uso normal da lingua.

A dispersión da poboación levou consigo a dispersión dos orientadores: o illamento, a soidade, ... este é un problema acusado por todo o equipo. Hoxe segue sendo un problema que tenta ser suavizado polas reunións de zona nas que se xuntan os profesionais de area próximas cada semana. Nestas reunións, compártense preocupacións, alegrías, novidades, búscanse respostas, faise a planificación, avaliación e reflexión do traballo realizado, e polo xeral é un grupo de apoio para os profesionais do programa.

A organización do traballo é unha tarefa difícil para o orientador; é preciso “patear” moitas aldeas, visitar as familias, xuntarse con pais de zonas amplas para decidir con quen formar grupo, onde, cando, ...

A falta de formación para un traballo con adultos e na etapa 0-3, é outra das dificultades manifestadas polos orientadores. Por isto un dos retos de PnC foi, dende os seus comezos a formación contemplada desde o nivel persoal, grupo de zona e equipo xeral, tendo sempre como referencia a práctica diaria.

Todas estas dificultades vanse superando gracias ó empeño, á creatividade e á ilusión de dunhas 200 persoas, orientadores que participan ou participaron nalgún momento no programa.

Entre as razóns polas que estes orientadores veñen ó programa, as máis sinaladas son: simpatía cos obxectivos de PnC, interese por traballar no medio rural, necesidade de traballo e interese por traballar con adultos.

É importante destacar a identificación dos orientadores co programa e existe preocupación por “*facelo mellor*”.

En definitiva, o motor de PnC son estes profesionais, que se buscaban e se buscan entre aquelas persoas:

- Coñecidas pola súa práctica educativa, acorde coa filosofía de PnC
- Coñecedores do medio rural e que sintonicen con el

- Que teñan unha valoración positiva do papel da familia na educación
- Que sexan persoas abertas, que escoitan, que aprenden co grupo.

E convén destacar que PnC foi e é posible gracias a unhas 40.000 familias, sobre todo a moitas nais, algún pai e moitas nenas e nenos que ó longo destes 26 anos participaron no programa.

## **A acción**

### **- Reunións de orientación**

Para facer posibles as interaccións humanas é necesario crear ámbitos de encontro no espazo e no tempo, á vez que se constrúen linguaxes, representacións e símbolos compartidos, que fagan posible a comunicación acerca da comprensión da complexa experiencia humana. PnC vai creando unha metodoloxía de intervención, que ten como elemento máis valioso a reunión do grupo de nais e nenos co orientador.

O fin do programa segue sendo que os adultos fagamos unha mellor intervención educativa, con unha mellor preparación para a educación dos máis pequenos.

O curioso é que, sendo o elemento máis valioso e específico do programa, nós mesmos dicimos que a reunión é un paréntese; é dicir, PnC comeza cando remata a reunión; o verdadeiro PnC lévase a cabo cando a familia interacciona na casa co neno, consciente do que está facendo.

Normalmente a reunión ten lugar cada dúas semanas con unha duración aproximada de dúas horas; nela participan fundamentalmente nais, algún pai, avó, outro adulto da familia xunto co neno ou nena e o profesional de PnC.

Temos pois que os **adultos son os principais destinatarios** e a eles chegamos sorteando bastantes dificultades. Para facer a convocatoria temos que chegar a onde está a xente, ós destinatarios; nalgún momento os que facían de “intermediarios” eran os curas ou algunha persoa coñecida na zona, porque o verdadeiramente importante do programa sempre foi a visita, chegar ás casas; ou sexa non é montar unha oficina e que as familias veñan alí, senón que o orientador vai á súa casa, ó seu medio, porque é alí onde ten lugar a práctica educativa diaria dos pais.

Moitas veces son as familias que xa participaron anos anteriores as que informan da existencia doutras familias ou invitan a estas a participar no grupo.

O obxectivo último, como xa se sinalou, é chegar ás familias e ás casas, e isto é complicado porque, como se sabe, de tódalas poboacións que ten o estado español, case a metade está nesta comunidade e ó principio, para chegar a elas, había que recorrer moitas pistas, moitos camiños sen asfaltar. Na actualidade, pisamos cada vez máis asfalto, e iso tamén foi un avance importante.

Unha vez feito o contacto coa familia do que se trata é de organiza-lo traballo. Como xa se expuxo, hai moitas aldeas que teñen unha única familia potencial participante no programa e animamos a que esta familia se xunte con outras dunha aldea próxima, o que implica que esta familia ten que desprazarse; por eso, moitas veces facemos de taxistas ofertando a posibilidade de transportar á familia desde a súa casa ata o lugar da reunión.

Polo que se refire ó número de participantes en cada reunión, hai de todo: algúns compañeiros teñen reunións numerosas; outros teñen reunións nas que participan poucas familias; e existen bastantes reunións unifamiliares debido á despoboación do mundo rural.

Unha vez que temos estudado o territorio planifícanse dúas ou tres reunións ó día e así confeccionase un calendario de traballo no que teñen cabida todas as actividades do programa.

Postas de acordo as familias aparece, en moitos casos, o problema de atopar un local, preferentemente público, que reúna as condicións mínimas para a celebración da reunión.

Unha **reunión tipo** dura unhas dúas horas nas que se dan distintos momentos: un primeiro momento de **saúdo**, de acollida onde o importante é a alegría de atoparnos, de falar, de xogar e de rir xuntos; hai que ter en conta que moitas veces ás nais e ós nenos que participan na reunión non se ven máis que o día da reunión.

Despois deste primeiro momento de encontro pasaríamos á **revisión** da quincena: cómo foi, que se experimentou, cales son as preocupacións, os acontecementos que xurdiron durante os últimos días, ...

Logo iniciaríamos o que podemos chamar “**actividade tipo**”, é o momento da presentación dun proxecto de traballo do que se pode iniciar algunha actividade. Buscamos actividades variadas, secuenciadas e, sobre todo, que sexan significativas. Non se trata de facer unha actividade porque si. Case importa menos que e cómo se fai que para que serve, por que se propón esa actividade e non outra. O que importa é fundamentar esa actividade e que os pais, as nais o entendan e lle atopen utilidade. Con estas actividades o que se pretende é fomentar a interacción entre tódolos membros do grupo con obxectivos específicos para as familias, para os nenos e as nenas e propios do orientador, mantendo cada un o seu papel.

Unha vez acometida a actividade tipo trátase de atopar entre todos **propostas** concretas de traballo, non só actividades senón compromisos no día a día que vaian permitindo que os descubrimentos que se leven a cabo na reunión se asentem e se interioricen na casa. De non facelo así, PnC converteríase nunha escola cada quince días.

Outra dificultade que atopamos é que os profesionais que traballamos no programa non temos a especialidade de Educación de Adultos; por este motivo no programa adócanse moitos esforzos na formación dos orientadores: a reunión da zona, a reunión de todo o equipo unha vez ó mes.

A continuación chega o momento do **tema de pais** no que se trata de profundizar máis nalgún tema de interese; tratando de transmitir en todo momento a idea de que nos teñen ó seu carón, que disfrutamos con este traballo e que gozamos da apaixonante tarefa de construírnos como persoas e facer medrar ós nosos fillos como tales. Este é un momento da reunión que ten unha certa complicación porque hai que conxugar a reflexión cos pais co balbordo dos pequenos. Procuramos que sempre quede un tempo para revisar e compartir reflexións porque a dinámica de interese é que caíamos na conta de que temos que saber máis para intervir mellor e non o imos aprender só nos papeis; moitas veces aprendes máis cando alguén te observa e reflexiona contigo.

Tamén hai un momento de **despedida** no que hai xogos, cantigas, actividades lúdicas que se van mesturando nas reunións segundo vaian acontecendo as cousas.

Procúrase que quede claro que aínda que remate a reunión, a vida segue e que PnC é a vida, o día a día.

Como se pode observar, máis que un programa rixidamente establecido, o que se pide é que cada un de nós atopemos a estratexia que nos permita partir das necesidades de cada familia. O educador, moitas veces, síntese coma un Rei Mago porque posibilita o encontro cada dúas semanas de nenas, nenos e nais; porque no coche levamos unha biblioteca ambulante para os máis pequenos e tamén para as familias; porque permitimos e favorecemos que se constrúan moitos xoguetes, como fixeron os nosos pais con nós; porque potenciamos o aproveitamento que nos oferta o contorno. Cremos que é o medio o que educa; cremos e apostamos por el.

## **- Outros medios**

Desenvolver un programa educativo supón tamén elaborar artefactos ou ferramentas culturais, materiais didácticos para uso dos máis pequenos, dos pais.

No comezo partíamos con moitas limitacións:

- Inexistencia de materiais para nenos en galego;
- Falta de materiais de fácil uso por parte dos pais;
- Escasa preparación dos animadores/educadores nun campo que tamén lles resultaba novo;
- Escaso presuposto para a fabricación dos materiais.

Os **materiais didácticos** que se foron elaborando reflicten tamén a evolución das ideas e preocupacións dos promotores do programa: material escolar, material de desenvolvemento sensorial, propostas constructivistas, proxectos... Tamén foron cambiando os destinatarios preferentes: de materiais escolares para nenos de 5 anos, a materiais para os máis pequenos e especialmente para pais así como outros instrumentos que teñen por obxecto chegar a unha poboación maior mediante os medios de comunicación masiva.

A presenza nos medios de comunicación, Radio e Televisión pretende ser un complemento ós propios grupos de orientación e ofertar á sociedade en xeral e, á familia en particular, mecanismos para a reflexión sobre a infancia.

Pero antes de falar da nosa presenza na radio e na televisión temos que facer referencia á **Revista** que co mesmo nome que o programa se edita desde 1979 con formato e periodicidade variable.

É unha publicación destinada, preferentemente, ás familias que participan no programa e moi apreciada polos pais. É un instrumento interesante para ir vendo os avances do propio programa, non só en canto á temática que se consideraba de interese divulgar, senón tamén en canto a cómo o programa ía medrando, ía modificándose.

Chegado Xaneiro de 1982 emítese o primeiro **programa de radio** dende Radio Nacional de España en A Coruña e con cobertura para todo o territorio galego. Este programa comezou a ser seguido non só polas familias que participan no programa senón por moitos oíntes que non tiñan nada que ver nin co programa nin coa educación infantil, simplemente “o atoparon nas ondas”. O programa escoitábase en familia e había nenos que lles recordaban ós seus pais que “hai que poñe-la radio” porque ademais de ofertar orientacións para os pais, tamén se escoitaban contos e cancións que os nenos coñecían das reunións.

E en outubro de 1986, un novo reto: Un programa de radio para pais de nenos e nenas de cero a tres nenos. Hoxe en día estanse a emitir programas de radio en Radio Nacional de España-Radio 1, en Carral-Radio 102.2 F.M., en Radio Principal-Cadena Ser de Monforte e de Vilalba, e na Radio Municipal de Quiroga.

En outubro do ano 1990, como resultado do esforzo conxunto de **Preescolar na Casa** e a **Televisión** Pública Galega comeza a emisión dun programa que con trinta minutos de duración emítese semanalmente de outubro a xuño. É un programa destinado á sociedade en xeral e ás familias en particular. Cóstanos que é seguido por familias que participan no programa pero tamén por outras que descoñecen a existencia do programa xeral, por familias do medio urbano, por avós, persoas maiores que gozan vendo ós nenos, nenas e pais que participan no programa. Tamén é seguido por mestres, especialmente de Educación Infantil.

O programa está articulado en diferentes seccións nas que se abordan cuestións que se consideran de interese para os pais/nais/familias.

Resulta especialmente gratificante comprobar a dispoñibilidade das familias para colaborar nas gravacións para o programa, así como dos especialistas que son invitados a participar no programa; todos eles fan posible, coa súa colaboración altruísta e desinteresada, que tódalas semanas se emita o programa de **Preescolar na Casa** na TVG.

Tamén na TVG, dende o 4 de marzo de 1996, PnC está presente no **Teletexto** con dezasete páxinas nas que abordan diversos contidos relacionados coa actividade propia de PnC.



En canto ós obxectivos e finalidades que se marca PnC coa aparición nos medios de comunicación poderíamos dicir que son as mesmas de todo o programa, aproveitando as diferentes posibilidades que cada un deles oferta e chegando a toda a poboación que pode seguir todos e cada un dos programas sen necesidade de estar “apuntado” a nada en concreto e seguilos con aproveitamento por canto cada programa ten unha finalidade en si mesmo.

Os versos de Machado “*Camiñante non hai camiño, faise camiño ó andar*”, creo que son o mellor resumo dos desafíos que esta presenza periódica nos medios de comunicación supuxo para o persoal do programa.

En Galicia sabemos moito de carencias de todo tipo, de camiños case intransitables trazados polos nosos devanceiros. Sobre eses trazos fóronse facendo melloras, ensanches e ata rectificaciós. O noso traballo nos medios é tamén mellorable pero está claro que as posibilidades educativas da radio e da televisión están sen explotar e urxe acometer esta tarefa.

## **Avaliación: Puntos débiles e puntos fortes**

Co obxectivo de facer unha análise global do programa que permita determinar se, nestes momentos, segue sendo precisa a súa existencia, así como a oportunidade dos obxectivos e metodoloxías empregadas, abórdouse nos últimos cursos de maneira sistemática a avaliación do conxunto do programa, abarcando esta avaliación a análise das necesidades, o deseño do mesmo, o desenvolvemento e os resultados, sempre coa intención de tomar decisións para mellora-la execución do programa.

Este proceso permite detectar os puntos fortes e os débiles da acción que estamos levando a cabo para, así, incrementa-la calidade do mesmo.

Para realizar este estudio foi preciso recoller información referida tanto á situación económica, social e cultural das familias coas que intervimos como ós diferentes aspectos do programa: obxectivos, metodoloxía, medios, profesionais, procesos de formación, ...

Para recoller esta información baseámonos tanto en fontes documentais (memorias, informes, artigos, ...) como en fontes persoais (persoas relacionadas directamente co programa: orientadores, pais, nais, nenos, mestres de colexios ós que se incorporan nenos procedentes do programa, ...)

Atopámonos con dificultades para a realización deste proceso de avaliación porque comprobar a eficacia de calquera acción educativa sempre resulta dificultoso, e neste programa hai moitos aspectos que non son facilmente medibles: grado de implicación das familias, actitudes, relación social, ... Ademais, para a recollida de información houbo que elaborar instrumentos axeitados, porque debido á especificidade do programa non había nada xa elaborado que recollera tódolos ítems que precisábamos.

As conclusións ás que chegamos unha vez realizado este estudio, resúmense en:

- Cada vez hai unha maior participación de familias con nenos menores de dous anos o que da mostra dunha maior concienciación da importancia dos primeiros anos e inflúe claramente no incremento da permanencia das familias no programa, que ata agora era de 2 anos.
- Os profesionais manifestan que os comezos no programa son bastante difíciles pola dinámica e traballo e por compartir espacio e tempo nenos e adultos.
- PnC non precisa sustentarse no carácter de suplencia da escolar. É necesario e ten sentido en si mesmo como programa de formación de pais en educación infantil, o que se xustifica por varias razóns:
- Estudos dan conta de que é fundamental unha atención de calidade nos primeiros anos da vida;
- Compróbase que a calidade da interacción dos pais cos seus fillos inflúe no desenvolvemento destes.
- A maior parte dos pais que participan en PnC fano porque senten a necesidade de formarse para educar ós seus fillos. Este é un dos aspectos que, no só xustifican o programa, senón que supón un dos seus maiores logros: adecuación do obxectivo do programa (formación de pais) á necesidade manifestada por estes mesmos (“aprender cómo educar ó meu fillo”).

Polo que respecta ós obxectivos constátase que estamos nun programa de formación de pais en educación infantil, non nunha escola para nenos pequenos. Ademais demóstrase a oportunidade dos obxectivos que PnC se propón, posto que coinciden coas aprendizaxes que os pais manifestan ter adquirido:

- Coñecementos sobre o desenvolvemento evolutivo do neno.
- Comportamentos e actitudes esenciais para o desenvolvemento harmónico do neno: son máis pacientes, escoitan, falan máis, ...
- Recoñecen o seu papel como educadores e séntense capaces de educar.

A metodoloxía do programa é un dos maiores acertos na medida en que os verdadeiros protagonistas do proceso educativo son as familias e ás súas experiencias cotiás. Así, cada vez máis, o contido fundamental do programa tenta facer conscientes e reflexivas as prácticas habituais que se desenvolven na familia.

- Perfilase como un acerto que sexa o profesional o que se desprace ó medio onde viven as familias.

- Compróbase que a actitude aberta e próxima do profesional cara as familias e o respecto cara a súa cultura e a súa lingua son básicos para o bo funcionamento do programa.

As reunións de zona perfilanse como elemento potenciado, motivador da actividade en tanto que cobren necesidades de tipo profesional (intercambio, formación, resolución de dificultades, ...) e de tipo afectivo (limando o sentimento de soidade)

No proceso de avaliación tamén se poden observar outros efectos que o programa consegue a nivel comunitario, e que parece importante resaltar:

- Dinamización das mulleres, incorporándose á vida social, valorando o seu papel e mellorando o seu nivel relacional.
- Participación de moitas persoas na sociedade onde predomina a apatía social.
- Conservación de tradicións e potenciación da autoestima, sentíndose partícipes dunha comunidade, valorando a cultura propia e non sentíndose menosprezado por formar parte dela.
- En ocasións prodúcese o acondicionamento de locais públicos e antigas escolas, que pasan de ser locais abandonados sen actividade a locais de todos, que se coidan como propios e que introducen unha nota de dinamismo, actividade e vida colectiva.

Ata aquí chegamos, as vivencias destes 26 anos, os intercambios con outras experiencias, o proceso de formación como orientadores, ... a propia avaliación do programa, o afán que da a necesidade de medrar e profundizar, son o motor que nos impulsa a divulgar e compartir os nosos coñecementos, os nosos erros e as nosas inquiredanzas; en definitiva, os nosos retos.

Sempre coa única intención de colaborar ó desenvolvemento físico, intelectual e socio emocional da infancia queremos seguir 26 anos máis, e outros 26, porque

***“Un neno e unha nena felices serán un home e unha muller felices”.***

Lugo, maio de 2003

**Máis información:**

**PREESCOLAR NA CASA**, “*II Congreso de Educación Infantil Familiar*”, 1997

**PREESCOLAR NA CASA**, “*Informe de Evaluación 1994/1997*”, 1998

**PREESCOLAR NA CASA**, “*Preescolar na Casa. Unha utopía realizable*”, 2000

[correo@preescolarnacasa.org](mailto:correo@preescolarnacasa.org)

Fundación *Preescolar na Casa*

Garaballa de Arriba, 9 27003 LUGO Tfo.: 982 216 001